

Pensión Casa Savi

Lugar de Fondal , 32

15630 Miño (A Coruña).

Teléfono: 981 782 883

E-mail: info@pensioncasasavi.com

Web: www.pensioncasasavi.com

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Contorna Inmediata ao establecemento

- O hotel está nunha avenida chaira, con beirarrúas amplas e despexadas de obstáculos.

Acceso

- A entrada principal é a través dunha rampla de acceso de 10 m de lonxitude, 1,60 m de ancho e unha pendente do 10%. Dispón dun dobre pasamáns no lado esquerdo, en sentido de subida, colocado a unha dobre altura de 1 m e 67 cm. O pavimento é regular e antiescorregadizo.
- A porta está retranqueada e deixa un espazo de manobra maior de 1,80 m de diámetro.
- Accédese por unha porta de dobre folla, unha das cales xeralmente permanece aberta, deixando un ancho libre de paso de 90 cm. A porta abre cara ao exterior.
- Antes da porta existe un felpudo ancorado ao chan e despois hai outro que non o está.

Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,12 m, non adaptada para usuarios de cadeira de rodas e fronte a el existe unha alfombra que pode dificultar o rodamento dunha persoa en cadeira de rodas.

Habitación Adaptada (Nº 1)

- Nº habitacións adaptadas: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta de entrada ten un ancho libre de paso de 81 cm.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360 ° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 1,50 m.
- A cama ten unha altura de 52 cm, accédese a esta polo lado dereito por un espazo de 55 cm de ancho e polo lado esquerdo por un de 90 cm.
- As portas do armario son corredías de fácil apertura. As baldas están situadas a unha altura de entre 9 e 59 cm. O percheiro está fixo a unha altura de 1,70 m e hai un altillo a 1,80 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama e os aparellos de control de temperatura están a unha altura de 1,60 m.
- Existe un escritorio a 81 cm de altura. Debaxo dispón dunha altura libre de 78 cm, un ancho de 1,10 m e un fondo libre para a aproximación frontal de 48 cm.

Cuarto de baño da habitación adaptada

- A porta é corredía e ten un ancho libre de paso de **81 cm**.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **2 m** pola fronte e de **90 cm** polo lado dereito se o biombo da ducha se prega e tendo en conta a cella de **1 cm** do prato da ducha. O asento está a unha altura de **48 cm** e o mecanismo de descarga a **90 cm**.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito e unha fixa no esquerdo, están a **78 e 75 cm** de altura e cunha separación entre ambas as de **83 cm**.

Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de **75 cm** de altura e **55 cm** de fondo. A billa é de difícil manipulación (require o xiro da boneca).
- A altura do bordo inferior do espello é **de 1 m**, pero está inclinado cara ao lavabo para a mellor visualización dunha persoa en cadeira de rodas. O resto dos accesorios do baño están a **85 cm** de altura.

Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral maior de **1,50 m** de ancho. As dimensións do prato de ducha son de **90 cm** de ancho e **90 cm** de fondo.
- O prato da ducha non está enrasado co chan, senón que presenta unha pequena cella de **1 cm** de altura. Dispón de biombo abatible e pregable.
- Dispón dunha cadeira de ducha móbil homologada, con respaldo e de altura regulable.
- A ducha ten unha barra horizontal de apoio en forma de “L” continua nas dúas paredes, a unha altura de **76 cm**.
- A billa é de difícil manipulación (require o xiro da boneca) e está situado a unha altura de **1,10 m**.

Aseo adaptado en zona común

- O establecemento conta cunha cabina de aseo adaptada, independente e común para ambos os sexos. Está situada na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (**SIA**), ábrese cara a dentro e ten un ancho libre de paso de **80 cm**.
- No interior só existe un espazo libre de xiro de **1 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **1,10 m** pola fronte e de **80 cm** de ancho polo lado esquerdo.
- O asento está situado a unha altura de **48 cm** e o mecanismo de descarga a **91 cm**.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado dereito e unha abatible no esquerdo, situadas a **75 cm** de altura e cunha separación entre ambas as de **66 cm**.

Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de **78 cm** de alto e **36 cm** de fondo. A billa é de difícil manipulación (requiro o xiro da boneca).
- A altura do bordo inferior do espello é **de 1,22 m** e está inclinado; o resto dos accesorios do aseo están colocados a **1 m** do chan.

ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso

- A entrada principal ten 5 chanzos de 17 cm de altura e 28 cm de pegada. Os banzos teñen tabica e bocel de 1 cm e non están sinalizados no bordo cunha franxa antiescorregadiza de cor contrastada. Dispón de pasamáns no lado dereito, en sentido de subida.
- Existe un itinerario alternativo pola rampla de acceso anteriormente descrita.
- A porta xeralmente permanece aberta, é parcialmente acristalada e non está sinalizada con franxas horizontais ou cun logotipo de cor contrastada.
- Hai un felpudo ancorado ao chan antes da porta e outro sen fixar despois da porta.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

Habitación estándar (Nº2)

- O número das habitacións indícase en grandes caracteres e con contraste de cor.
- Existe contraste cromático entre a porta de entrada e a parede.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- O prato da ducha ten un chanzo e biombo corredío.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Habitación estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto e pode programarse como espectador.
- Hai un enchufe á beira da cama.

Aseos Comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre”, nin unha banda libre inferior que permita ver se hai alguén no seu interior.

Sinalización

- O hotel só dispón de rótulos que sinalan a localización das distintas habitacións. Os rótulos seguen un mesmo patrón, están a unha altura media de 1,70 m. A altura dos caracteres é de 6 cm e son de cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille.

Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.
- Está permitido o acceso ao can de asistencia.

Outras estancias	Localización	Tipo de itinerario.	Características destacables
Aparcamento	Exterior	Accesible, pero con moita pendente	Atópase na parte traseira do edificio, e as prazas non están delimitadas nin reservadas para persoas con mobilidade reducida.
Salón de reunións (2)	Planta baixa e	Accesible	Mesas redondas e cadradas. Mesa cadrada: Altura de mesa: 76 cm. Altura baixo

	primeira		<p>mesa: 73 cm</p> <p>Ancho baixo mesa: 84 cm. Fondo baixo mesa: 84 cm</p>
Escaleira	Todas as plantas	Accesible	<p>Dous tramos de escaleira por planta con rellanos de 1,15 m de fondo.</p> <p>Tipo de escaleira: interior</p> <p>Nº de chanzos por tramo: 9</p> <p>Chan de textura e cor distinto en inicio e final: Non</p> <p>Altura dos chanzos: 19 cm</p> <p>Fondo da pegada: 29 cm</p> <p>Con tabica: Si (iluminada) Con bocel: Si (1 cm)</p> <p>Zócalo de protección lateral: Si</p> <p>Altura de Pasamáns: 90 cm, só no lado dereito.</p> <p>Oco baixo a escaleira protexido: Si</p>